



O NADAL



XX
certame
de
xornalismo
—
certame
de
poesía



XX CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



**Consellería de Cultura
e Comunicación Social**

DEBUUXO LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:

XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 583 – 1996

XX CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



A U L A D E C U L T U R A

A publicación dos traballos premiados é posible pola colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia.

ARREDOR DO NADAL

Neste Nadal de 1996, vivimos a edición número 25 do Belén Electrónico e das actividades do Nadal en Begonte.

É obrigado neste momento lembrar aquel Nadal de 1972, cando con toda humildade, escasez de medios e unha fe que non lle cabía no peito, meu irmán José -cun grupo de amigos- comezou a facer historia no Nadal galego desde Begonte, "inventando" un Belén electrónico, e arroupándoo con moitas outras actividades para vivir máis forte mente o Nadal.

Vintecatro anos despois -no momento de organizar a edición número 25 do noso Nadal -xa sen a presencia do fundador pero si coa súa inspiración e permanente axuda inmaterial, Begonte é o centro do Nadal en Galicia. Traballamos para conseguilo numerosos begontinos, e así o reconécen os 40.000 visitantes que cada ano veñen a este pobo facer profesión de fe e de ilusión.

Este libriño que tedes na man, ven sendo -ano a ano- a crónica de parte das actividades do Centro cultural José Domínguez Guizán, co resultado dos Certames de xornalismo e poesía do ano anterior.

A súa publicación permítenos levantar acta pública, deixar constancia destes feitos, e seguir avanzando no camiño cara á consecución dun Nadal no que as voces dos poetas e dos cronistas de feitos de paz sexan as que se oian por riba de tódalas demais.

Desde Begonte, a nosa gratitud a cantos nos axudan neste labor de impulsión do espírito do Nadal. Desde Begonte, abrimos as portas do Belén Electrónico, que é o mesmo que abrir as portas dos nosos corazóns ó Nadal e a tódalas xentes que vi ven o Nadal.



Xesús Domínguez Guizán
Presidente do Centro Cultural de Begonte



POESÍA

XX CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio da FUNDACIÓN CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1995, ven de convoca-lo «XX CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.–Poden participar tódolos poetas que o deseen, con textos en galego ou castelán.
- 2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
- 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
- 4.–É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.–Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuña de Sargadelos.

- 6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e seis.

- 7.–Tódolos traballos han ser presentados cón plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.
- BEGONTE (Lugo), novembro de 1995

BASES

FALLO DO XURADO DO XX CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XX CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO

D. FRANCISCO MARTÍN IGLESIAS (Paco Martín)

D. RAMÓN SOILÁN PENAS (En representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario) acorda emitilo seguinte fallo:


– PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuña de Sargadelos. Concédese ó poemario presentando baixo o lema SUEÑO DE NAVIDAD, por CECILIO LAGO GONZÁLEZ.

– SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuña de Sargadelos, concédese a NEVA, de BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero).

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

FALLO
DO
XURADO



CECILIO LAGO GONZÁLEZ

Vigués. 43 anos. É xestor comercial de Caixa Vigo. Composer de cancións desde os 16 anos, entrou na poesía polo camiño dos versos asonantes, pero en 1989 cruzouse na súa vida o soneto, e desde entón neste eido acadou os seus mellores poemas.

Obtivo numerosos premios en prosa e verso: en Zamora, Jaen, Guadalajara, Tomelloso, A Coruña, Ayamonte, Pedro Muñoz (Ciudad Real), Barcelona, Sestao, Madrid e Begonte (1992).

Colabora en xornais e revistas con poemas e artigos. Ten publicado o libro de poemas *CASTILLO DE SUEÑOS*.

Lema: “Sueño de Navidad”

«Los sueños, son destellos de ansiedad...
deseos que jamás se cumplirán...»
¿O acaso esta vez florecerán
por ser precisamente «Navidad»?

I

Quisiera ser, quisiera por un día,
la sombra de una humilde figurilla
y en medio de la «Chaira», aquí en la villa,
volverme barro, brisa y armonía.

Quisiera ser, quisiera fantasía,
y hacerme cuerpo y alma de esa arcilla
bruñida a manos de una fe sencilla...
Quisiera ser: ¡Un soplo de alegría!

Correr por la ladera del Castillo
al tiempo de mirar bajar el río
pintando con su espuma un nuevo brillo.

Juntarme, cuando hiriente se hace el frío,
al plácido calor de algún atillo
que mengüe el crudo filo del rocío.

II

Quisiera, al ver pasar la blanca estrella
que indica con su luz el buen camino,
hacerme rayo, flor y peregrino,
hacerme cauce y surco de su huella.

Quisiera ver la joven «Virgen» bella
meciendo al «Verbo» –amo del destino–
con ese amor, que solo un ser divino,
asume sin que apenas le haga mella.

Daría yo la vida en un instante,
por verme junto al «Niño» en el pesebre,
y hacerme aquella esquirla rutilante

de un rayo refulgente que se enhebre,
al blanco de una dulce y transparente
sonrisa leve, que jamás se quiebre.

III

Y al linde de la aurora más temprana,
envuelto por la luz de la alborada,
oiría el trino azul de la cascada,
cantando al nuevo sol de la mañana.

Seguro que el badajo y la campana
a coro desde el monte a la hondonada
darían cuenta, en mágica algarada,
que aquí en Begonte, un nuevo agua mana.

Oiría como llegan los pastores
al ritmo de un rebaño de elegidos,
tocando sus zambombas y tambores.

Saldrían de los bosques más perdidos
los rudos y sufridos leñadores;
vendrían raudos, fríos y ateridos.

IV

Vería sobre el yunque al viejo herrero,
que día y noche forja sin descanso,
volviendo al duro y recio hierro, manso,
y a fuertes golpes, débil al acero.

Podría ver aquel combate fiero,
surgido en una esquina de remanso,
del agua contra un fuego que por canso
convierte en humo, su fervor guerrero.

¡Tic, tac... tic, tac!... eterno, tiempo eterno,
martillo y yunque, ritmo de la vida,
«chaireño» pueblo, inmerso en el invierno.

¡Tic, tac... tic, tac!... estrofa repetida,
versículo infinito del averno...
¡Vencido por el «Niño» en su venida!

V

Acaso incluso presa del encanto,
al ver pasar con rumbo a la ribera
a tanta hermosa y joven lavandera,
hiciera de su estampa un bello canto.

Un canto compartido con el llanto
de aquella triste anciana que a la vera
del gran camino, ya tan solo espera,
poder llegar a ver «O Neno» santo.

Quisiera verla libre de ese miedo,
un miedo que la vuelve gris, discreta,
perdida en busca del Señor: ¡Su Credo!

Quisiera ser su apoyo y su muleta,
un último soporte, mas no puedo...
¡Quisiera hacerla un hueco en mi carreta!

VI

Las rosas, bajo un cielo engalanado
por luces, que de fiesta se han vestido,
inundan con esencias al «nacido»,
con mil fragancias al «Recien llegado».

Sus pétalos abiertos en el prado,
con gesto noble, fiel y desprendido,
se postran ante «quien» les ha infundido
el más perfecto «don» jamás soñado.

Los árboles erguidos se acicalan
y el viento con deleite les atusa,
al tiempo que en sus ramas ya recalcan
las aves que, poniendo por excusa
la luz de aquella estrella, les escalan
con trino alegre y la razón confusa.

VII

La nieve poco a poco cristaliza
y el suelo de la «Chairá» es un espejo,
un vidrio cuyo único reflejo
es rayo del Belén que lo entroniza.

Los copos se convierten en ceniza,
en blanca escarcha de un milagro viejo
movido por los hilos de un complejo
fogoso amor del pueblo que lo atiza.

La Historia contarán con humildad
la fuerza que imprimiera un «pobre cura»,
un hombre cuya entrega de verdad
plantara en el vergel de la dulzura
el gran «Misterio de la Navidad»:
¡Begonte se lo cuida con ternura!

VIII

Quisiera ser incluso algún hierbajo
del límpido jardín de «don José»
y verlo como junto con «Teté»,
lo mima con esmero y gran trabajo.

“¡Cuidado con el manto y el refajo!
¡Separa más la cuna... no se ve!
En cuanto al nuevo Ángel: ¡Lo pondré!
Vigila a «Joselín» a ver que trajo!”

Y allí, al fondo justo del Belén,
por donde muerto el sol desaparece,
está el querido «padre»... de retén.

Controla y cambia lo que le apetece
y máxime que ahora él también,
es parte viva de lo que acontece.

IX

Quisiera hoy, quisiera en esta tarde,
dejar de ser tan solo un pobre ruego
y hacerme mago, rayo, viento y fuego,
la llama viva que por siempre arde.

Quisiera hoy dejar de ser cobarde
romper con las cadenas de hombre ciego
que amarran a esta cárcel donde el ego
te incita incluso al propio necio alarde.

Quisiera ser la brizna de esa brisa
que arrulla junto al «Niño» su consuelo
a manos de una «Madre» que sin prisa
le canta dulcemente bajo el cielo
las nanas de una vieja poetisa,
nacida sobre el lecho de este suelo

X

El alma se me ensancha en un momento
y siento que una calma deliciosa
me invade con la esencia siempre hermosa
que Dios infunde con su «Santo Aliento».

¡Decrezco y tiemblo, pero nada siento,
la luz ahora, se me vuelve rosa,
el suelo, arena... la razón borrosa...!
¡Oh, Dios!... ¡Estoy en pleno «Nacimiento»!

¡Señor, perdona tú la intromisión!
Disculpa porque soy un polizonte
a quien tan solo el verso y la ilusión,

hicieron traspasar el horizonte
de un sueño que, amarrado al corazón,
me trajo un año más: ¡Aquí a Begonte!

Esta obra se escribió
inmerso en el sueño y la emoción
de poder llegar a ser un día:
«La humilde sombra de una figurilla...
envuelta en barro y por la arcilla»,
pero una de esas figurillas
«do fermoso Belén de Begonte
que aínda más de labrego,
Chaireño e mesmo Galego
por sempre será
mentras poida se-lo, e é:
O «Máxico Belén» de «don Xosé»



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero)

Baldomero Iglesias Dobarrio (MERO), naceu en Lugo en 1951. É mestre. Fundador de FUXAN OS VENTOS e A QUENLLA, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Ademais do libro colectivo “GALICIA CANTA Ó NENO”, ten publicado SOCIAIS (de terceiro, cuarto e quinto de E.X.B), EXPERIENCIAS (primeiro e segundo de E.X.B.), GALEGO-LINGUAXE (de primeiro a quinto), CONTOS DE VELLOS PARA NENOS e SOMOS LENDA VIVA (Lendas para nenos).

Lema: “Neva”

Neva e neva floriñas brancas
caen trapiños de neve.
Mainamente apousan cal follas nos campos,
e a súa máxica cor que todo vai trocando
en tonos más claros, brillantes e albos.
Eu non estou afeito, necesito mudar
e saír deste pan de centeo
que quero atopar esas sabas suaves
que na noite se agochan caladas
e algodonan os teitos das casa,
os balos, os prados.
E coa neve facer labradíos, bonecos,
pastores, fogares, as pontes, camiños,
na lagoa os parrulos, a prata no río,
...quediñamente, ata que cансo
de xogar e gozar entre o xelo,
unha a unha leva-las figuras
pra poñer no Belén de Begonte,
e bota-lo pan trigo en fariña miúda,
como adrezo, en tellados e montes.
Neva e neva, que eu quero que neve
e que cubra todo, cal leite xeado,
...que gusto de ve-las folerpas lenemente apaisadas
callando e facendo mil formas,
unhas novas paisaxes ¡Nesta Terra, non noutras!
con brancura que os meus ollos cegue,
caen pouco a pouco trapiños de neve.

Mero, nadal 1995

PRENSA

sanal para leir,
ousas da vida, cheo de ari-
niversais, cheo de avan-
dos dos nosos devance-
n habilidade, inxenio e
arredor é tamén un
ropicio para que a
da á ledicia arte e
liva medre e
amíños mas

lúa, a
parpadexau-
ata o amencer du-
no que se aviva a chá-
Nunha xuntanza armo-
os protagonistas figuran
o recimento: Os Rei-
xo plano: Neno Deus,
arón do Noso Deus,
ha e S. Xosé, e
, camellos re-
nde viaxe;
nas, un
arm

XX CERTAME DE XORNALISMO “BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co patrocinio da CONSELLERÍA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA, e co fin de potencia-lo espíritu do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XX CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e -en xeral- ó Nadal en Galicia.

B. Establécense douis premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.- 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.- 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e seis, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 1995

BASES

FALLO DO XURADO DO XX CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XX CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D. XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitirlo seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 75.000 ptas. e estatuña de Sargadelos. Concédese a MANUEL XOSÉ NEIRA polo seu artigo “O VERDADEIRO NADAL GALEGO”, publicado no xornal *El Progreso*, de Lugo.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 ptas. e estatuña de Sargadelos, concédese a HELENA VILLAR JANEIRO, polo seu artigo O NADAL DOS POETAS, publicado no xornal *EL CORREO GALLEG*O, de Santiago de Compostela.

O SECRETARIO DO XURADO

**FALLO
DO
XURADO**

José Rodríguez Varela



MANUEL XOSÉ NEIRA

Naceu en Lugo en 1964, poeta e narrador. O seu primeiro libro de poemas “O MAR PERDIDO” viu a luz en 1990, publicado pola Editorial Galaxia.

Como poeta ten acadados diversos premios, destacando o Premio Esquío, na súa XII edición; o Premio Begonte de Poesía (1981 e 1988); e o do Concello de Vilalba.

Colabora asiduamente en O CORREO GALEGO, EL PROGRESO, LA VOZ DE GALICIA, GRIAL, DORNA, COORDENADAS, ESPACIOS e NORDÉS.

O VERDADEIRO NADAL GALEGO

VINTECATRO

O Belén de Begonte é unha cousa de nenos que como todos sabemos son más competentes e soñan máis alto que os maiores. Begonte do Belén, que así lle chaman, atópase nun recanto do que as xentes ilustradas demos en considerar (ao lado da realide más ou menos chata) como espacio mítico e máxico: a Terra Cha de contornos e perfiles moi definidos.

Begonte, hoxe por hoxe, ten dúas cousas fundamentais: o Clube Fluvial, un xeitoso lugar para pasar unhas horas no verán e necesitado de potenciación, e o Belén, un soño agarimado por cativos, cregos e homes de traballo interdisciplinar que se convertiu en nó e núcleo central de todo o Nadal en Galicia. Uns historiadores din que o topónimo (certamente suxerente) procede dun *vocontí*, pobo céltico; outros dun *voocantí*, lexionarios romanos que viñan do Ródano. Desde entón a historia está chea de idas e voltas, sucesións familiares, amores e sinsabores.

Arquitectonicamente a igrexa máis notable (ainda que modificada no tempo) é a de Baamonde, ao carón da Nacional VI, erguida a comezos do século IX, exemplar que eu aconsello visitar no verán en horas vespertinas. Na parroquia de Bóveda (non confundir con Santa Eulalia) achamos un exemplar posiblemente alto-medieval curioso.

En realidade todos os topónimos e antropónimos Bóveda teñen en Galicia o seu misterio. Se non do punto de vista arquitectónico, si da relixiosidade popular (unha cousa é a igrexa en Galicia e outra a igrexa galega, ésta máis debedora de

Prisciliano e doutros aportes históricos que dos concilios ortodoxos), interesantes son os lugares de Saavedra e Valdomar. A riqueza da toponimia e antropónimia podémola cifrar, se candra, nun Cerdeiras, Donalbai, Gaibor, Uriz e Virís de lonxana estirpe e remoto son, quizais céltico, suevo ou de repoboación. Os documentos públicos e privados deberon caer baixo xurisdicción de Sobrado dos Monxes por acharse no seu amplio radio de poder. E, como non, deberon ser terras de importancia no paso do Camiño a Compostela, nomeadamente do Camiño Norte de Asturias con diversas bifurcacións como sería a do paso por Friol cara o Sobrado ou ben cara Vilar de Donas (apousento de cabaleiros santiaguistas) e Palas de Rei entroncando alí co Camiño Francés. Ademais debeu ter importancia en relación a calquera vía que fora cara Vilalba e A Costa.

En absoluto é terra ruín este anaco de historia chairega. Arboredo cruzado por pombas silvestres, leiras milleirentas na calor estival, fondais, ríos de caudal medio capitaneados polo Miño e un seu afluente de nome curioso: Támoga, río que coñezo de vello, cheo de muíños, anguía e pazo de buxo e loureiro chinés. As xentes do concello teñen un mirar escuro e un falar calado. As bidueiras deitan suavemente a súa prata no verao sobre a pel mollada de frescura tras o baño no río. Si, toda a prata das bidueiras. As merendas no prado, o rebulicio dos cativos, a calma ditosa de sentar e quedar adurmiñado no ardor estival en tanto as aves baixan beber aos ollos dos namorados. Begonte ten precisamente iso: a tranquilida-

dade dun lugar cercano á casa, proporcionada esa seguridade de ter un lugar cercano a onde regresar e rencontrarte coas cousas queridas. Se vés dunha visita á Coruña ou das praías da Costa, ao chegares a Begonte, aínda non sendo a túa casa, xa te sentes como nela. Creo que non abonda insistir. Todo dito.

A Chaira (e así se reflicte no Belén) non foi outra cousa que un lugar de labregos intelixentes (intelixentes por saber amar o seu), de oleiros industrioso (para cando espera a Deputación crear unha escola de alfarería popular en Bonxe?), de zoqueiros, carpinteiros, pastores e fiandeiras que se ollan no espello dos ríos. Xentes gobernadas polos señores de Baamonde e os Saavedra, rivaís. E dicía oficios nobres e intelixentes porque souberon manter unha forma xenuína de entender o mundo de sublevarse contra o poder feudal cando era conveniente, convxuntamente cos Irmandiños nese triángulo de poderío feudal que formaban as terras de Sobrado, Palas (o impresionante castelo de Pambre á sazón o único non derribado polas revoltas populares), Vilalba e mesmo as terras de Lemos.

Todo un contorno de grande poder feudal. Iso é, precisamente, o que nos aparece no Belén electrónico do centro José Domínguez Guizán: grupos de casa de sereno e firme trazado, prados vagantíos e os ríos que a cruzan. Podería ser moito máis, claro está, e para iso estamos: pontes polas que cruzaran, sen facerelles dano, camiños do progreso; estradas ben asfaltadas que nos levaran a

algunha casona restaurada, fábricas productivas non contaminantes; lugares de transformación agraria, fartas granxas de vacún, igrexas e templos onde estivera escrita a historia e á que acudiríamos todos, cadaquén por camiño diferente, a presentar un libro antolóxico de poemas dalgún escritor chairego que titularía Follas Novas.

Como non hai cousa tan ruín e mesmo inútil como o desprecio de darlle as costas á realidade, eu levo toda a vida amando cada recanto deste país, bañándome no Miño cada verán, coas augas cada ano máis podres (ata que calquera día quede sen pel), percorrendo os camiños co meu bastón de home-vello e neno a un tempo cun fermoso pastor alemán acompañándome, contemplando solainas de sol e ausencias (luces e sombras dun país), atravesando con elas o corazón de todas estas terras porque son as miñas e porque elas son eu mesmo.



HELENA VILLAR JANEIRO

Helena Villar Janeiro naceu en Becerreá (Lugo), e reside en Santiago de Compostela.

A súa traxectoria como escritora iniciauona en 1972, coa publicación do libro de poemas ALALÁS. Despois deste primeiro libro en castelán, publica unha abundante obra, sempre en galego, e boa parte dela en colaboración co seu home, o tamén escritor Xesús Rábade Paredes.

Froito desta colaboración literaria xorden SÍMBOLOS DE GALICIA, O SANGUE NA PAISAXE, MORRER EN VILAQUINTE, NO ALO DE NÓS, O LIBRO DE MARÍA... de ensaio, novela ou poesía. En solitario ten publicado ROSALÍA NO ESPELLO, O DÍA QUE CHOVEU DE NOITE, VIAXE Á ILLA REDONDA, A CIDADE DE ALDARA, PATAPAU, A CANCIÓN DO REI, O AVÓ DE PIPA, O ENTERRO DA GALIÑA DE DOMITILA ROIS; e un amplo etcétera de contos, relatos, novela ou poesía.

Entre os numerosos premios acadados están o GALICIA, de novela e poesía; BARCO DE VAPOR, BREOGÁN, XOSÉ MARÍA CHAO LEDO, LORENZO BALEIRÓN, MODESTO R. FIGUEIREDO, etc.

O NADAL DOS POETAS

INVÍTAME a asociación “José Domínguez Guizán” de Begonte a falar do seu Nadal. E fágoo consciente de que o feito cultural begontés paga a pena divulgalo. Nesta pequena vila lucense desenvólvense, chegado este tempo, unha chea de actos arremuiñados arredor dunha extraordinaria representación do nadal do Señor, ambiciosa creación dotada de fermosura plástica, de movementos e de simboloxía suficiente para ser a representación do Nadal propiamente galego.


Obra de moitos anos de traballo, filla da crenza no que se pode facer se se ten fe na obra que se persegue, o que alí se amostra ós visitantes está enraizado na cultura propia dunha Comunidade que soubo ver desde a óptica da súa experiencia vital ó longo dos séculos o que pasou na aldea de Belén. Só así puido convertelo en algo tan cercano e partícipe da nosa paisaxe, do noso ciclo agrícola, da nosa paisanía e, por extensión, de todo o que é máis de noso.

Entrañablemente galego viron tamén o Nadal os mellores poetas da terra. Así, Ramón Cabanillas, no retábulo “A ofrenda das fadas no portal de Belén”, pon a falar das nosas cousas, perante o Meniño, ás oferentes fadas galegas, prototipos da nosa busca insistente de elementos mediadores. A fada dos campos –“que anda por agras e leiras / vixiando as sementeiras / baixo a raiola do sol”–, tráelle un feixe de flores. A das augas –“que bota a andar barulleiro / o rodicio do muíño / e bica as veigas de liño / sempre a correr cara ó mar”– pídelle que nos encha os fogares de pan. A da montaña –“que cuida as flores do toxo / e os ca-

rrascos recendentes /onde as abellas firentes / veñen a chuchar o mel” -, ofrécelle “un añño ventureiro / ó que un lobo carniceiro / quixo no monte roubar”. E, finalmente, a do mar -que vive “nas encantadas ribeiras / onde as ondas pranteiras / veñen a bicar os cons”-, faille unha petición moi de noso: “Señor, cando o mar se erga / entre o fervor das escumas / e nas neboentas brumas / ouvee o leste traidor / , Señor, acalma a tormenta / e ós que loitan mar afora / dalles unha boa hora: / tráenos a porto, Señor”.

E Álvaro Cunqueiro, nun poema rescatado pola revista mindoniense “Amencer”, conta tamén desde a nosa experiencia galega o embarazo de María e o misterioso parto de Belén: “Primeiro foi o Anxo que falou a María: / nove meses de sono ata que veu o día. / Pasou a primavera, e que ben frolecia. / Pasou tamén a sega que moito pan había. / Logo veu a vendima e o magosto dourado. E o viño novo en cuncas na adega foi catado. / E estando o outo cume de outo neve nevado, / en Belem o noveno mese lle foi contado: / nesceu dom Xesucristo, de todos é loubado”.

E teño eu ben por certo que cabo a fermosura do Nadal de Begonte onde se representan cousas tan nosas e tan ó noso xeito, os visitantes han ter a sensación de estaren, xa que logo, perante o mesmísimo nadal dos nosos grandes poetas.



XUNTA
DE GALICIA 

DIRECCIÓN XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 1995 - XANEIRO 1996